

MEMORIA XUSTIFICATIVA DOS CONVENIOS DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE PROMOCIÓN DO EMPREGO E IGUALDADE E CLÚSTERS GALEGOS DE DIFERENTES SECTORES PARA A REALIZACIÓN DE ACCIÓNS FORMATIVAS DE CUALIFICACIÓN E RECUALIFICACIÓN DA POBOACIÓN ACTIVA EN SECTORES ESTRATÉXICOS E MELLORA DAS CAPACIDADES PARA A TRANSICIÓN ECOLÓXICA NO MARCO DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA

O Estatuto de autonomía de Galicia, no seu artigo 29, atribúelle á Comunidade Autónoma, en concordancia co artigo 149.1.7ª da Constitución española, a competencia para a execución da lexislación do Estado en materia laboral, asumindo as facultades, funcións e servizos correspondentes a este ámbito. Así, a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, a través da Dirección Xeral de Formación para o Emprego e Orientación ten entre outras, as competencias en materia de dirección e coordinación das actuacións da consellería en materia de intermediación e orientación laboral, cualificación profesional, promoción da empregabilidade e formación profesional para o emprego.

Con data 21.07.2020 o Consello Europeo aprobou o instrumento financeiro Next Generation EU, que inclúe como elemento central, un Mecanismo para a Recuperación e a Resiliencia (MRR) cuxa finalidade é apoiar o investimento e as reformas nos estados membros para lograr unha recuperación sostible e resiliente, permitindo levar a cabo reformas tanto a nivel nacional como en cogobernanza coas comunidades autónomas con competencias transferidas.

O Consello de Ministros mediante o seu Acordo de data 27.04.2021 aprobou o Proxecto de Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia para España e este foi aprobado pola Comisión Europea o 16.06.2021.

Unha das políticas panca do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (VIII) ten como obxectivo xeral a transformación e modernización do sistema de formación profesional, de tal xeito que se configure como un eixe vertebrador dun novo modelo económico baseado no coñecemento, con capacidade para dar resposta as constantes transformacións dos sectores produtivos, manter a empregabilidade das persoas traballadoras e por ende mellorar a produtividade e a competitividade das empresas. Trátase polo tanto de poñer a dispor da cidadanía e dos sectores produtivos unha formación que poida dar resposta aos distintos perfís profesionais, que así mesmo están en constante evolución, contendo os elementos que permitan o emprende-



mento, a innovación, a a actualización de coñecementos e competencias e en definitiva a posibilidade de facer realidade o proceso do aprendizaxe ao longo de toda a vida.

En concreto o compoñente 20.I01.P04 do Plan “Reskilling y upskilling de la población activa ligado a cualificaciones profesionales” entre cuxas liñas de actuación figura a número 4, que atende á formación en competencias emerxentes, de rápida evolución e con perspectiva na xeración de emprego, tanto para persoas desempregadas como en activo. Así mesmo, atende tamén á formación naqueles sectores que, como consecuencia da previsible evolución das condicións económicas e sociais, xerarán no futuro postos de traballo.

O 16.11.2021 o Consello de ministros aprobou o Acordo polo que se autoriza a distribución territorial e os criterios de reparto dos créditos xestionados polas comunidades autónomas destinados a accións de cualificación e recualificación da poboación activa para o exercicio 2021.

Nas sesións da Conferencia Sectorial do Sistema de Cualificacións e Formación Profesional para o Emprego celebradas os días 01.12.2022 e 30.05.2022, aprobáronse os criterios de reparto e a distribución resultante entre as comunidades autónomas para os anos 2021 e 2022 respectivamente, dos fondos destinados a financiar a cualificación e recualificación profesional da poboación activa mediante accións formativas de carácter non formal vinculadas a cualificacións profesionais incluídas no Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais así como accións de acompañamento no procedemento de acreditación de competencias.

O día 3 de maio de 2023 o Consello de Ministros aprobou o Acordo polo que se autoriza a proposta de distribución territorial e os criterios de reparto dos créditos xestionados polas Comunidades Autónomas destinados ao desenvolvemento de accións de cualificación e recualificación da poboación activa para o ano 2023.

Na sesión da Conferencia Sectorial do Sistema de Cualificacións e Formación Profesional para o Emprego celebrada o día 7 de xuño de 2023, aprobáronse os criterios de reparto e a distribución resultante entre as Comunidades Autónomas para o ano 2023 dos fondos destinados a financiar a cualificación e recualificación profesional da poboación activa mediante accións formativas de carácter non formal vinculadas a cualificacións profesionais incluídas no Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais así como accións de acompañamento no procedemento de acreditación de competencias.



A Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, prevé a concesión directa de subvencións cando se acrediten razóns de interese público, social ou económico. No mesmo senso, exprésase o artigo 36.c do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da lei. Por outra parte, o artigo 40.1 do mesmo decreto posibilita a concesión de subvencións directas mediante convenio, nos casos en que se acrediten razóns de interese público, social ou económico.

Dado o carácter singular das actuacións que se están desenvolvendo en base a razóns de interese social e ao interese prioritario de establecer unha colaboración o máis estreita posible entre a Consellería de Promoción do Emprego e os clúster e entidades citadas para o desenvolvemento dalgunhas das medidas previstas no Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, que corresponde executar á Comunidade Autónoma de Galicia, estimouse xustificada a non procedencia de promover a concorrência pública para os efectos da subscripción destes convenios posto que estes son uns axentes idóneos.

A Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, establece dentro dos trámites preceptivos para a suscripción de convenios e os seus efectos no artigo 50, que os convenios deberán estar acompañados por, entre outros, *"informe de su servicio jurídico, que deberá emitirse en un plazo máximo de siete días hábiles desde su solicitud, transcurridos los cuales se continuará la tramitación. En todo/ caso, dicho informe deberá emitirse e incorporarse al expediente antes de proceder al perfeccionamiento del convenio. **No será necesario solicitar este informe cuando el convenio se ajuste a un modelo normalizado informado previamente por el servicio jurídico que corresponda**"*.

O 10.01.2023 a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade formalizou nove convenios de colaboración que foron tramitados por anticipado de gasto cos seguintes clúster ou entidades: Aclunaga, Ceaga, Cluergal, Asime, Clúster TIC, Fundación Laboral da Construcción, Federación galega de comercio, Asociación galega do hidróxeno e Cámara Oficial Mineira de Galicia.

Estes convenios partiron dun modelo común no que se inclúen as referencias concretas á entidade en cuestión, así como os importes que lle corresponden a cada un deles.

A Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, establece no artigo 50 a emisión de informe do servizo xurídico correspondente como trámite preceptivo para a suscripción de convenios, engadindo que non será preciso solicitar este informe cando o convenio se axuste a un modelo normalizado informado previamente.



A Lei 4/2016, do 4 de abril, de ordenación da asistencia xurídica da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e do seu sector público, establece no artigo 8.c que corresponde ao persoal da escala de letrados da Xunta de Galicia a emisión de informe ou dictamen con carácter preceptivo en materia de convenios de colaboración.

O 15.12.2022 a Asesoría Xurídica emitiu informe do modelo normalizado de convenio conforme cumpre os requisitos esixidos no artigo 26.2 da Lei 9/20007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; no artigo 40.1 do seu Regulamento, aprobado polo Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro; nos artigos 48.7 e 49 da Lei 40/2012, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público; e no Real Decreto-ley 36/2020, de 30 de decembro, polo que se aproban medidas urxentes para a modernización da Administración Pública e para a execución do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

Con data do 21.12.2021, para a xustificación económica e técnica das actuacións, o Ministerio de Educación e Formación Profesional notificou as "Instrucciones relativas a la justificación económica y técnica del Programa de Cooperación Territorial destinado al desarrollo de acciones de Reskilling y Upskilling, en el marco del componente 20 "Plan Estratégico de Impulso de la Formación Profesional" del Mecanismo de Recuperación y Resiliencia, para la formación de cualificación y recualificación de la población activa, vinculada a cualificaciones profesionales en sectores estratégicos, cuidado de las personas y zonas en riesgo de despoblación".

Con posterioridade á publicación destas Instrucións, o Ministerio de Educación e Formación Profesional aprobou unha addenda na que se detallou unha aclaración correspondente aos módulos económicos aplicables incluídos no apartado 7 de ditas instrucións. Neste mesmo apartado realizábase a seguinte modificación:

Onde decía:

"Sólo se entenderá que es objeto de subvención el gasto ocasionado por el trabajador o persona en búsqueda de empleo que finaliza la totalidad de la acción formativa."

Debía decir:

"Sólo se entenderá que es objeto de subvención el gasto ocasionado por el trabajador o persona en búsqueda de empleo que finaliza la totalidad de la acción formativa, entendiéndose como tal, aquel que haya asistido al menos a un 80% de la formación".



Con motivo da addenda a ditas Instrucións, foi preciso realizar unha addenda aos convenios subscritos pola Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade e os nove clúster e entidades representativas co obxecto de modificar o parágrafo segundo do apartado 2 da cláusula cuarta "Financiamento e contía da subvención", que quedou redactado como segue:

"Entenderase por persoa formada toda aquela que finaliza a totalidade da acción formativa. Na modalidade presencial considerarase persoa formada aquela que asista ao 80% das horas da dita acción formativa. Aquelas persoas inscritas na acción formativa, pero que non a finalizaran, considerarase como gasto subvencionable o 15% do módulo aplicable, debendo acreditarse, no seu caso, a inscrición formal e a realización de, polo menos, un 15% das horas totais da acción formativa."

Segundo o sinalado no artigo 50 da Lei 40/2015, solicitouse informe á Asesoría Xurídica da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade da addenda ao modelo de convenio para a realización de accións formativas de cualificación e recualificación da poboación activa en sectores estratéxicos e mellora das capacidades para a transición ecolóxica no Marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, subscritos pola Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade cos diferentes clústers ou entidades representativas cos que foron asinados os convenios.

O 21.02.2023 a Asesoría Xurídica emitiu informe sobre a addenda ao modelo de convenio conforme se axustaba ao previsto na addenda ás "Instrucciones relativas a la justificación económica y técnica del Programa de Cooperación Territorial destinado al desarrollo de acciones de Reskilling y Upskilling".

De acordo coa cláusula décimo terceira do convenio, durante os meses de xuño e xullo de 2023 celebrouse a Comisión de seguimento coas entidades, na que se acordou asinar unha segunda addenda ao convenio na que se estableceu a obriga de contratar un seguro de accidentes para o alumnado para o caso das accións formativas que se van impartir na modalidade presencial, así como para a parte presencial da modalidade de teleformación e/ou mixta, que cubra tanto os riscos que poidan ter durante o desenvolvemento do curso como os do traxecto en concepto de desprazamento ao lugar de impartición das clases teóricas, prácticas, visitas didácticas, titorías e probas presenciais.



Tamén se estableceu a obriga de contratar unha póliza de responsabilidade civil, para facer fronte aos riscos que poidan derivar para os bens e as persoas cando se realicen prácticas en empresas ou outras actividades relacionadas co curso.

O 12.07.2023 a Asesoría Xurídica emitiu informe favorable sobre a segunda addenda ao modelo de convenio.

A Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade ten prevista a formalización de tres convenios de colaboración cos seguintes clúster ou entidades:

- Clúster da función loxística de Galicia
- Clúster audiovisual galego
- Asociación de Centros de Ensino de Perruquería e Estética de Galicia (Cepega)

Antecedentes

Na regulación dos fondos do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia establecéronse fitos de obrigado cumprimento a nivel cuantitativo e nunha data establecida. No caso concreto desta inversión, o fito para o 31 de decembro de 2022 foi ter formadas a 7.990 persoas traballadoras desempregadas u ocupadas. Neste contexto, precisábase un instrumento áxil e con capacidade aglutinadora e de convocatoria, que permitise acadar a consecución do fito con garantías.

Durante a anualidade 2022 asináronse convenios de colaboración con Aclunaga, Asime, Cluergal, Ceaga, TIC, Federación galega de Comercio, Fundación Laboral da Construcción, Federación galega de redeiras artesás e Bioga. O número de persoas participantes abeiro destes convenios acadou a cifra de 12.464 persoas alumnas en 812 accións formativas.

O 10.01.2023 asináronse convenios de colaboración con Aclunaga, Asime, Cluergal, Ceaga, TIC, Federación galega de Comercio, Fundación Laboral da Construcción, Asociación galega do hidróxeno e Cámara Oficial Mineira de Galicia. A día de hoxe, constan no Sistema Informático Sifo **9.428** persoas alumnas formadas, polo que o grao de execución dos convenios é satisfactorio xa que están formadas todas as persoas alumnas previstas inicialmente no instrumento xurídico.

Tendo en conta os datos da anualidade 2022 e do que vai da anualidade 2023, enténdese que estes convenios cos clúster están dando resposta ás necesidades de formación da poboación activa e estas entidades están resultando idóneas para poder organizar, xestionar e impartir a



formación para o emprego que o tecido produtivo demanda. Dentro dos obxectivos que teñen os clúster están o fortalecemento das estruturas empresariais que os integran, contribuír a mellorar a súa competitividade, incrementar a innovación e o desenvolvemento profesional das persoas.

Por parte da Dirección Xeral de Formación para o Emprego e Orientación, o obxectivo perseguido é dotar as entidades representativas e aglutinadoras dos diferentes sectores a oportunidade de deseñar e impartir a formación que elas determinen que é a idónea para os procesos de cualificación e recualificación da poboación activa vinculada ao sector. Este obxectivo debe conxugar co cumprimento dos fitos aos que a Comunidade Autónoma se comprometeu na Conferencia Sectorial.

En Galicia o tecido empresarial e produtivo está constituído maioritariamente por micropemes, feito que xustifica a necesidade de que estes programas de cualificación e recualificación cun compoñente transversal a distintas empresas sexa máis pertinente que os clúster os poidan xestionar e facilitarlles esa formación que atenda ás necesidades das empresas que integran o sector cunha actuación holística para toda a cadea de valor.

A Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, a través dos convenios de colaboración subscritos coas entidades anteriormente mencionadas, garante un mellor cumprimento dos fins en beneficio da cidadanía e da sociedade galega, xa que a promoción desta iniciativa favorece aumentar formación nos distintos sectores e o aumento da empregabilidade no que atinxe ás carencias de formación do seu persoal así como que se axusten as súas necesidades e demandas de cualificación e recualificación, contribuíndo ao desenvolvemento profesional das persoas traballadoras e aumentar a innovación e produtividade das empresas.

Finalidade

Con data do 07.12.2022, o Consello da Xunta acordou dar prioridade á formación para a cualificación e recualificación da poboación activa nos sectores naval, do automóbil, do metalmecánico, das enerxías renovables, das tecnoloxías da información e comunicación, da construción, do comercio, do hidróxeno e da minería así como dos ámbitos de actividade vencellados a proxectos industriais estratéxicos declarados pola Xunta de Galicia.

O 30.03.2023 o Consello da Xunta declarou prioritaria a formación para a cualificación e recualificación da poboación activa no sector primario e no sector da loxística.



Estas declaracións acordáronse aos efectos de atender de xeito prioritario ás necesidades de oferta formativa para a poboación activa vencellada aos sectores citados polas necesidades de captación de persoal cualificado detectadas.

Para os efectos sinalados, o 10.01.2023 formalizáronse convenios de colaboración cos seguintes clúster ou entidades: Aclunaga, Ceaga, Cluergal, Asime, Clúster TIC, Fundación Laboral da Construcción, Federación galega de comercio, Asociación galega do hidróxeno e Cámara Oficial Mineira de Galicia.

Tendo en conta que das nove entidades unicamente sete (Aclunaga, Ceaga, Cluergal, Asime, Clúster TIC, Fundación Laboral da Construcción e Federación galega de Comercio) iniciaron a execución das actuacións, acordouse con elas asinar unha segunda addenda ao convenio para a ampliación do crédito e para establecer a obriga de contratar un seguro de accidentes e unha póliza de responsabilidade civil.

Coas outras dúas entidades (Asociación galega do hidróxeno e Cámara Oficial Mineira de Galicia), dado que non iniciaron a execución das accións formativas, unicamente se establece na segunda addenda ao convenio a obriga de contratar un seguro de accidentes e unha póliza de responsabilidade civil.

A Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade ten prevista a formalización de tres convenios de colaboración que partirán do modelo común no que se inclúen as referencias concretas á entidade, os importes e condicións que lle corresponden, así como as modificacións introducidas polas addendas ao modelo de convenio, cos seguintes clúster ou entidades:

- Clúster da función loxística de Galicia
- Clúster audiovisual galego
- Asociación de Centros de Ensino de Perruquería e Estética de Galicia (Cepega)



Segundo o sinalado no artigo 50 da Lei 40/2015 e tendo en conta que a Asesoría Xurídica informou favorablemente o modelo de convenio, así como as modificacións introducidas polas addendas, considérase cumprido o trámite de informe da Asesoría Xurídica.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

A directora xeral de Formación para o Emprego e Orientación

Zeltia Lado Lago

